

Todo o que quería saber sobre a ESO e non me atrevía a preguntar...

A todas as persoas nos producen certo “medo” e inseguridade os cambios. Isto débese a que descoñecemos o que nos agarda. É un sentimento normal, pero tamén pasaxeiro. Tede por seguro que o paso a secundaria non suporá para vós ningún problema. Será o mesmo que cando comezastes na gardería, cando entrastes en Infantil, cando cambiastes de “profe” despois de dous anos.... ¡Se sodes uns veteranos!

A continuación tedes as respostas as vosas preguntas sobre a ESO. Espero que aclaren todas as vosas dúbidas. E si non....¡seguid preguntando!

MATRÍCULA

¿Que hai que facer para matricularse?

Formalizar a matrícula do 25 de xuño ao 10 de xullo na secretaría do Instituto.

¿Fai falla DNI?

É conveniente que, se non o tes, o saques canto antes, porque vante pedir o teu número da Seguridade Social (NUSS). Para que cho dean, necesitas presentar o teu DNI na oficina da Seguridade Social que está preto de Correos.

ESTRUCTURA DA ESO

¿Cantos cursos hai de ESO? ¿É obrigatoria a ESO?.

Hai catro cursos de E.S.O. divididos en dous ciclos. É unha etapa educativa obrigatoria.

¿Cantos cursos hai de Bacharelato? ¿É obrigatorio?.

O bacharelato comprende dous cursos. Non forma parte dos estudos obrigatorios.

¿Ata que anos temos que estar alí?

A Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) cúrsase normalmente desde os 12 aos 16 anos de idade. Se segues a estudar poder estar ata os 18 anos.

¿Que pasos hai que seguir para estudar unha carreira ou un ciclo formativo?

Para estudar unha **carreira** tes que facer a ESO e o Bacharelato pola modalidade que escollas. Hai tres modalidades distintas: Artes, Ciencias e Tecnoloxía e Ciencias Sociais. Con cada bacharelato podes acceder a determinadas carreiras. No seu día o orientador do Instituto vos dará toda a información que precisedes. Unha vez superado o Bacharelato debes facer unha proba de acceso á universidade e, logo matricularte na carreira que queiras estudar.

Para estudar un **ciclo formativo**, tes que cursar a ESO e logo o ciclo formativo de grao medio que escollas. Se queres continuar os estudos, hai ciclos que teñen un grao superior. O orientador tamén che dará a información que precisas.

¿En que curso se pode deixar de estudar?

Unha vez que remates a ESO ou con dezaseis anos cumpridos. Se é o caso de que non superaras a ESO sempre hai camiños alternativos: programas de diversificación, programas de cualificación profesional... O orientador do teu centro explicarache todas as opcións.

MATERIAS

¿Cantas materias hai? ¿Hai máis que no “cole”?

Hai once materias e a titoría. No colexio tiñades nove materias.

¿Que materias teremos?. ¿Pódense elixir?

Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais (Xeografía e Historia), Lengua Castellana y Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Educación Plástica e Visual, Proxecto interdisciplinar, Educación Física, Lingua Estranxeira, 2ª lingua estranxeira (Francés), Relixión ou Alternativa mais unha hora de titoría.

Todas estas materias son obrigatorias. Ata 3º e 4º de ESO non comeza a haber opcionais.

¿Dáse francés? ¿É obrigatorio? ¿Substitúe ao inglés?

En 1º dáse francés como segunda lingua estranxeira. É obrigatorio. Non substitúe ao inglés, que seguirás tendo como primeira lingua estranxeira.

¿Hai música en 1º de ESO?

Non. En 2º curso volverás tela como asignatura.

¿Hai Física e/ou Química en 1º da ESO?

Non. No terceiro curso da ESO, a materia de Ciencias da Natureza desdóbrase en bioloxía e xeoloxía por un lado, e física e química por outro.

¿Que se da en tecnoloxía?

En 2º da ESO terás tecnoloxía e traballarás aspectos relacionados cos materiais de uso técnico e as súas aplicacións, metroloxía e instrumentos de medida e precisión, estruturas e mecanismos, electricidade e electrónica, enerxía e a súa transformación, tecnoloxías da información, emprego práctico das ferramentas...

¿Hai Ética?

Non. Terás unha alternativa á relixión que incluírá aspectos sobre a historia das relixións, así como principios e valores.

¿Que é a titoría?

Posiblemente xa teñas a estas alturas unha idea bastante aproximada do que é o titor/a e a titoría. A titoría exercea aquel profesor/a que ten o seu cargo un grupo de alumnos/as dos que se ocupa especialmente. (Como David, Lis ou Chelo nestes dous últimos cursos).

O titor/a da ESO reunirse cos vosos pais, cubrirá os vosos boletíns de notas, despois de asistir ás reunións de avaliación que terá cos outros profesores/as que vos dan clase, tentará solucionar os conflitos que poidan xurdir ao longo do curso, tratará nas sesións de titoría cuestións do voso interese...

¿Son as materias máis difíciles que no colexio?. ¿Hai que estudar moito máis?

Moitas das cousas que teñas que estudar xa te serán coñecidas porque as aprendestes na escola. Como é lóxico outras serán novas. Nalgúns aspectos profundarán máis, tamén ti estarás capacitado para elo.

¿Son moi difíciles as asignaturas novas?

Non. O que debes facer é atender as explicacións, levalas ao día e marcar na túa axenda as datas de entrega dos traballos que terás que facer.

¿Hai que estudar moito?. ¿É tan difícil como din?

Non. Espera a comprobalo por ti mesmo e non fagas caso do que che conten os demais sobre a súa experiencia. Se segues estes consellos, todo irá sobre rodas:

Organízate e estuda un pouco cada día. Non deixes todo para o final. É conveniente que teñas unha axenda onde apuntes todo o que tes que facer. Faite un plan cun horario fixo no que distribúas o tempo dispoñible segundo as materias que teñas que estudar e a dificultade de cada unha delas. Este plan debe ser persoal e adaptado ás túas circunstancias. Debe contemplar as xornadas de estudio, o día da semana, os repasos, exames, datas de entrega de traballos ou actividades...

Estuda sempre no mesmo sitio, nun lugar destinado para iso. Debe estar o máis illado posible de ruídos e elementos que poidan distraerte: televisión, radio, teléfono, etc. Ten todo preparado antes de empezar, para non ter que facer constantes interrupcións. Alterna pequenos descansos para "recargar as pilas".

Ser un estudante responsable, consciente e preocupado pola túa actividade de hoxe depende de ti. Será a túa mellor garantía de éxito.

PROFESORADO

¿Cantos profesores/as hai no Instituto?

Un total de 69 profesores/as. Loxicamente, non todos dan na ESO. Uns dan nese ciclo, outros nos Ciclos Formativos, outros no Bacharelato, na Escola de Idiomas, en Adultos...

¿Para cada materia imos ter un profesor?

Si. Cada asignatura é impartida por un profesor distinto.

¿Cantos profesores nos dan clase?

Once profesores/as, un por materia.

¿Imos ter un só titor?

Si. Cada grupo ten un só titor/a. Todo o profesorado lle informará a el/ela da túa marcha na súa materia, así como de calquera problema que poida xurdir. O titor será un dos profesores/as que imparta unha asignatura no teu grupo.

¿Os profesores son bos ou malos?

¿¿¿¿Pero hai profesores/as malos/as?????

¿Esixen moito?

Non máis que no colexio. O que si te esixirán é que sexas máis responsable de todas as túas cousas. Non estarán tan encima de ti como na escola. Iso é o que conleva crecer: hai que asumir as propias responsabilidades.

EXAMES

¿Vai a haber moitos exames? ¿Cantos temas entran en cada un?

Cando menos terás un exame por asignatura. Mais na maioría das materias vante examinando ao longo do trimestre (igual que agora). Se vas aprobando todos os exames, aprobarás a asignatura.

Normalmente vos fan un exame por tema para que non entre tanta materia. É importante que a leves ao día, para non pegarte despois atracadas de estudar.

¿Canto tempo dan para realizalos?

O profesor/a xa vos indica a duración do exame antes de que comece. Normalmente coincide coa duración dunha clase (cincuenta minutos). Por iso é importante que organices o tempo en función das preguntas. Hai veces que o profesorado “pide” a clase seguinte para dispor de máis tempo, pero a norma xeral é que se realice no tempo dunha clase.

REPETICIÓN

¿Cantas veces se pode repetir?

Cando suspendas máis de dúas asignaturas, terás que repetir curso. Pódese repetir curso unha vez en cada ciclo: un máximo de dúas veces na etapa.

ADAPTACIÓN

¿Vainos ser moi difícil adaptarnos a ESO?

Simplemente é diferente. Nalgúns aspectos máis parecido ao colexio do que pensas. Do que estou segura é de que te asombrará o rápido que te acostumarás a todo.

PRIMEIRO DÍA

¿Como imos saber cal é a nosa clase? ¿Como chegaremos a ela? ¿Haberá algún “profe” connosco?

O primeiro día de Instituto cando chegedes vos chamarán por lista. Agruparédesevos xunto ao voso titor/a. El/Ela subirá convosco e vos ensinará onde está a vosa clase.

¿Que temos que levar o primeiro día de clase?

O primeiro día da clase leva unha axenda ou unha libreta e lapis e bolígrafo para apuntar o que necesitas para cada materia. Cada profesor/a vos dirá o que quere para a súa asignatura.

Fanse filas?

Non, soa o timbre e ides entrando cara a vosa clase.

Como nos sentaremos na clase?

A meirande parte das veces como vos diga o profesor/a. Moitas veces o criterio é o orde de lista.

En ximnasia, ¿hai que ducharse?

Non, teredes uns minutos ao final da clase para asearvos. Así que levade o que necesitedes.

CALENDARIO LECTIVO

¿Cando comezan as clases?¿Cando rematan?

As clases comezarán o 17 de setembro de 2009 e rematarán o 23 de xuño de 2010.

HORARIOS

¿Cal é o horario de entrada e saída?

Entrarás ás 8:30 e sairás ás 14.10 horas. Excepto os luns que tamén terás clase pola tarde de 15:40 a 17:20 horas.

¿Canto duran as clases?

Cada clase dura cincuenta minutos.

¿Por que os luns hai clase todo o día?

Para ter as tardes libres durante a semana, xúntanse nun mesmo día (Luns) o tempo que falta para completar as horas lectivas que debes ter a semana.

RECREOS

¿Cantos recreos hai?

Hai dous recreos de vinte minutos. Un é de 10:10 a 10:30 e o outro de 12:10 a 12:30.

¿Pódese saír do Instituto no recreo?

Na ESO non se pode saír, só se pode a partir de Bacharelato.

COMEDOR

¿Hai comedor todos os días?

Non, so hai comedor os luns que é o único día que tedes clase pola tarde.

¿Onde está o comedor?

Nun local ao lado da cafetería. A comida é elaborada por un *catering*.

TRANSPORTE

¿Cales son as paradas do autobús da ESO?

Son as mesmas que as do autobús de Primaria.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

¿Hai excursións de fin de curso?

Ao longo do ano sempre se realiza, polo menos, unha viaxe cultural.

DEBERES

¿Hai que facer moitos deberes?

Normalmente terás deberes das distintas asignaturas. Igual que no “cole”. Algúns días haberá máis tarefa que facer e outros menos.

É importante que non penses que como non te mandaron exercicios, xa non tes deberes. Ti es o que debes organizarte, non che van mandar estudar, es ti quen debe decidir cando facelo.

Outras veces vos mandarán traballos, pero sempre vos dan as datas de entrega con antelación.

Segue os consellos que te dábamos antes. ¡Organízate! ¡A tarde libre dá para moito!

MATERIAL ESCOLAR

¿Cando nos dan os libros?

Os primeiros días de clase para que os forres, poñas o nome... Ten en conta que debes coidalos ben porque logo deberás devolvelos en perfecto estado.

Se coincide con cambio de libros xa lle darán aos vosos pais o cheque para mercalos, igual que no colexio.

¿Hai que levar e traer os libros todos os días?

Si. Tes que levarte os libros para casa e levar ao día seguinte o material necesario para as asignaturas que teñas ese día.

CONVIVENCIA

¿Que pasa cando te portas mal ou desobedeces?

Iso depende da gravidade do que fagas e de se é un caso illado ou ocorre moitas veces. É igual que no “cole”, se te portas mal hai un castigo proporcionado á falta. No instituto se iso ocorre moitas veces faranche unha amoestación. Se as amoestacións son por un motivo leve, poderás acumular ata cinco. Despois das cinco, expúlsante uns días.

Se son por unha falta grave á primeira poden expulsarte.

¿Os profesores teñen en conta o comportamento?

Si. Unha parte da nota é a túa actitude cara a asignatura, o teu comportamento e o teu traballo.

Teño medo de que se metan comigo. ¿Con quen se pode falar si se sofren agresións físicas ou psicolóxicas por parte doutros alumnos/as?

Se te estás a sentir agredido/a por algún compañeiro/a, en primeiro lugar debes poñelo en coñecemento de persoas adultas. Dentro do centro podes falar co teu titor/a. El/Ela saberá que facer. Outra posibilidade é contarllo ao orientador do teu Centro. El tamén pode axudarte. E, sobre todo, non teñas medo a dicilo. Os problemas cando se comparten, parecen máis pequenos.

Fóra do centro é importante que o poñas en coñecemento dos teus pais.

¿Que podo facer para caerlle ben aos demais?

A túa idade é normal que te preocupe o que pensen de ti, pero non te deixes levar polo que opinen ou fagan os demais. Para gustar aos outros non tes que cambiar a túa forma de ser ou de actuar. O principal é que ti te sintas cómodo/a e te gustes a ti mesmo. Así transmitirás seguridade e os demais saberán apreciálo. Para facer novas amizades o máis importante é mostrarte como es. ¡Sé ti mesmo/a!

¿Pódese levar o móbil, MP4...?

Descoñezo se hai algunha norma que volo prohiba, pero ten claro que, no caso de que vos deixaran levalo, na clase teríades que telo apagado e no caso de que se rompera ou vos faltara sería responsabilidade vosa.

O VOSO GRUPO

¿Vanse manter os grupos ou se separarán?

Normalmente os grupos se manteñen, pero, cando entran moitos alumnos/as novos hai algunha

variación.

Pero aínda que se dea o caso de que te separaran ou foras a outro centro distinto ao adscrito (Lauro Olmo) non debes preocuparte. É normal que sintas mágoa de separarte dos que foron os teus amigos ata o momento pero pensa que aos verdadeiros amigos non os pode separar nin o tempo nin a distancia. Sempre podedes vervos no recreo, polas tardes, os fins de semana... e contarvos como vos vai na clase. Ademais pensa que coñecerías xente nova e ampliarías o teu círculo de amigos.

¿Teremos compañeiros novos?

Se vas a outro centro distinto ao “Lauro Olmo”, seguro. Se vas ao “Lauro” é probable que teñades algún compañeiro/a novo/a, ben porque repetira, ben porque decidira ir a ese centro...